



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. A GUÍA

VIGO

PLAN DE **ACCIÓN TUTORIAL**

IES A GUÍA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

26 DE MAIO DE 2020

ÍNDICE

1.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

2.- CONTEXTUALIZACIÓN CENTRO

3.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DA ESO

4.- OBXECTIVOS XERAIS

5.- ORGANIZACIÓN E RECURSOS

5.1.- FUNCÍONS

5.2.- RESPONSABLES

5.3.- ASIGNACIÓN TITORÍAS

5.4.- RECURSOS- HORARIOS

6.- TAREFAS POR NIVEIS E TEMPORALIZACIÓN

6.1.- TAREFAS XERAIS DO CENTRO

6.2.- TAREFAS ESPECÍFICAS POR CURSOS

7.- AVALIACIÓN

8.- ANEXOS

1.-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O **Plan de Acción Titorial** é o marco básico e común da acción titorial no que se especifican criterios e procedementos para a organización e funcionamento do traballo con alumnado, familias e xunta de profesores tanto dende un punto de vista grupal como individual.

O Plan de Acción Titorial é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías, seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. O PAT debe asegurar que as decisións globais tomadas no Proxecto Educativo se axusten á realidade de cada grupo e alumno/a. A coherencia educativa no centro e a concreción dos valores expresados no PE serán os seus obxectivos prioritarios.

A función titorial é unha actividade orientadora que realiza o titor/a, vinculada ao proceso educativo e á práctica docente. A titoría non é unha acción que se desenvolva de forma illada, enténdese como una actuación educativa que se realiza de forma colectiva e coordinada, de forma que implique aos titores/as, a todo o profesorado e ao centro en xeral. A titoría estará suxeita a unha axeitada planificación e organización: é o que nos entendemos como PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

A titoría e a orientación do alumnado formará parte da **función docente**. A función titorial fai referencia ás actuación no primeiro nivel de orientación, aquel que corresponde a todo o conxunto do profesorado, por formar parte do seu rol docente.

Este plan é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización das titorías e a planificación das actividades das mesmas ao longo do curso escolar, tendo en conta as funcións dos titores explicitadas no **Decreto 324/1996, do 26 de Xullo**, (Art. 58) polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de Educación Secundaria.

No Título III: Órganos de coordinación docente, establécese:

- O Departamento de Orientación realizará entre outras a seguinte función: "Elaborar de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica as propostas de organización da orientación e do Plano de Acción Titorial do centro" (Art. 55.a). Dita función queda así mesmo recollida no artigo 6.b do **Decreto 120/1998, do 23 de abril** polo que se regula la Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 5.b da **Orde de 24 de xullo de 1.998** pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional.

- Cada profesor/a titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará cando menos a función de: " participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xef/a de estudos e en colaboración co departamento de orientación" (Art. 59.a).

As liñas mestras de actuación xiran ao redor de catro aspectos básicos:

1.- Ensinar a pensar: aprendizaxe das estratexias xerais de pensamento, que terá por culminación o obxectivo último da aprendizaxe autónoma por parte do alumnado.

A aprendizaxe de estratexias xerais de pensamento debe ser obxecto de instrución explícita, convertendo o instituto nun lugar para aprender a aprender, ensinándolles aos alumnos e ás alumnas habilidades e estratexias de aprendizaxe que permitan un certo grao de autoconsciencia e autocontrol de proceso de aprendizaxe, facendo a todo o alumnado consciente das súas posibilidades e limitacións.

2.- Ensinar a ser persoa: desenvolvemento harmónico da identidade persoal e consecución dunha autoimaxe positiva.

A construción da identidade persoal ten lugar na interacción social, a partir das experiencias interpersoais e da interiorización das valoracións doutras persoas significativas. O ámbito escolar ten un papel importante nestas experiencias e, polo tanto no desenvolvemento da autoimaxe, polo que a acción tutorial debe incluír entre os seus obxectivos axudar ao alumnado a mellorar os seus niveis de autoestima e autoconfianza e a tomar consciencia do proceso de construción da súa identidade.

3.- Ensinar a convivir e a compartir: adquisición das habilidades necesarias para o establecemento dunhas axeitadas relacións interpersoais.

A acción tutorial haberá de contribuír ao proceso de socialización do alumnado mediante a reflexión moral e a adquisición de capacidades, destrezas e habilidades sociais que fagan posíbel tanto a adaptación ao medio como a intervención sobre el para modificalo.

4.- Ensinar a decidirse: aprendizaxe de métodos e estratexias de recollida de información, de análise de características persoais, e de elección consciente.

A educación para tomar decisións sobre os propios estudos, sobre itinerarios formativos e, en definitiva sobre o futuro persoal, adquire especial relevancia na ESO. Neste contexto, a madurez vocacional do alumnado é a meta que hai que conseguir.

2.-CONTEXTUALIZACIÓN CENTRO

-Situación.

O **IES A GUÍA** está situado na cidade de **Vigo** (Pontevedra).

O IES “A Guía” foi o primeiro centro público de ensino medio do barrio de Teis. Teis esténdese dende o comezo da rúa Sanjurjo Badía polo sur, e o final de Travesía de Vigo polo norte e alcanza ata o límite co veciño barrio de Chapela de Redondela. Os seus límites abranguen a zona costeira comprendida entre Arealonga ata a zona de Guixar. Teis converteuse nunha área suburbana onde se mantén un sistema de asentamento "rururbano", pero totalmente integrado na cidade.

Esta integración na cidade ten a súa orixe no desenvolvemento industrial ó longo do século XX. A configuración do espazo urbano xurdiu coa creación da rede de tranvías que circularon desde 1914 para unir os lugares de maior crecemento co centro da cidade. Neste sentido trazouse unha liña que enlazaba o centro de Vigo con Teis e Chapela.

-Poboación.

Na actualidade se analizamos a realidade social e nos remontamos no tempo observamos que Teis é un barrio de “aluvión”. Recibiu moita poboación foránea e viu incrementado o seu número de habitantes nun curto período de tempo. Xerouse un desenvolvemento urbanístico acelerado e desordenado para dar cabida a toda esa poboación foránea que chegaba polo boom económico que se estaba a vivir na comarca de Vigo. Teis medrou pero sen un Plan racional que humanizara o espazo dese asentamento progresivo. Polo tanto, precisa dun Plan de desenvolvemento integral que favoreza a adaptación e integración progresiva na comunidade de Teis de tódolos novos veciños/as, creando máis espazos de relación.

Malia que Teis experimentou en pasadas décadas un crecemento acelerado, na actualidade presenta un estancamento poboacional, que se podería explicar en parte atendendo ás reconversións acaecidas no sector.

O nivel de instrución desta poboación é maioritariamente de estudos primarios na zona rural e non hai datos da zona urbana. A súa poboación ronda o 30.000 habitantes.

- Educación

A oferta educativa de Teis, tanto pública como privada, resulta máis que suficiente para a poboación xuvenil. Existen catro centros privados de secundaria (San

José de A Guía, Santiago Apostol, Possumus, Calasancias) e catro centros públicos de secundaria (IES de Teis, IES República Oriental de Uruguai, IES Os Rosais II, IES A Guía). Aínda que, como xa mencionamos, o noso centro é o máis antigo, sen embargo nos derradeiros anos foi perdendo alumnado sobre todo desde a adscrición dos centros de primaria que beneficiou claramente ós outros centros públicos, ó asinárselles centros de primaria con maior número de alumnado.

Nos últimos 5 años houbo un aumento do alumnado do 60 %, chegando na actualidade aos 648 alumnos e alumnas.

1.2.- ESPAZOS

O centro conta coas seguintes instalacións distribuídas en tres plantas e soto:

- 22 aulas para os diferentes grupos
- 4 aulas reducidas de Francés, Latín e Grego, Relixión e PT
- Aula de Plástica
- Aula de Música
- Aula de Tecnoloxía
- Aulas de Informática
- Aula de audiovisuais
- Laboratorio de Física
- Laboratorio de Química
- Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía
- Talleres de Comercio (aulas técnicas - aula de escaparatismo)
- Departamentos didácticos e departamento de orientación
- Salón de actos
- Sala de reunións
- Sé da ANPA
- Despachos de Director/a, Xefe/a de Estudos, Secretario/a e Vicedirector/a
- Biblioteca
- Conserxería
- Pavillón, ximnasio e vestiarios
- Cafetería, ...

A dotación de material inclúe ordenadores distribuídos en despachos, oficinas, sala de profesorado, departamentos, biblioteca e aulas. Así mesmo, instrumentos na Aula de Musica, material completo na de Tecnoloxía e laboratorios.

Conta cun perímetro exterior arborado con distintas especies e un aparcamento propio e áreas exteriores cubertas de esparcemento en horas de lecer. Por último a nosas biblioteca que conta con máis de 10.000 exemplares.

- Profesorado e oferta educativa.

O Claustro está formado por un total de 59 profesores e profesoras que imparten clase nos distintos niveis educativos do centro que conforman os departamentos didácticos existentes.

O centro ten a seguinte **oferta educativa**:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Bacharelato nas modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos formativos:

Familia profesional: comercio e marketing

- 1º FPB servizos comerciais
- 2º FPB servizos comerciais

- 1º CM actividades comerciais
- 2º CM actividades comerciais

- 1º CS comercio internacional
- 2º CS comercio internacional

- 1º CS xestión de vendas e espazos comerciais
- 2º CS xestión de vendas e espazos comerciais

- 1º CS marketing e publicidade (tarde)
- 2º CS marketins e publicidade (tarde)

- 1º CS transporte e loxística (adultos)
- 2º CS transporte e loxística (adultos – módulos)

- FP DUAL
 - 1º CS xestión de vendas e espazos comerciais (adultos)

- Familia profesional: actividades físicas e deportivas
- 1º CS animación de actividades físicas e deportivas
- 2º CS animación de actividades físicas e deportivas

- Alumnado.

No presente curso 2016/2017 o alumnado ten a seguinte distribución segundo cursos.

CURSO	Nº DE GRUPOS
1º ESO	2
2º ESO	2
3º ESO	1
4º ESO	2
FPB	2
1º Bacharelato	2
2º Bacharelato	2
Ciclos Formativos Grao Medio	2
Ciclos Formativos Grao Superior	11

- O centro acolle alumnado procedente dos arredores de Teis, maioritariamente dos **Centros adscritos** ao instituto: CEIP Eduardo Pondal, CEP Santa Tegra, CEIP San Salvador e CEIP Paraixal. En bacharelato proceden maioritariamente dos centros concertados próximos: San José de la Guía, Possumus, ... En relación coa Formación Profesional dicir que o alumnado procede de toda Galicia e incluso do resto de España para facer algún dos ciclos ofertados no centro.

- Horario.

No **IES A GUÍA** impártese docencia practicamente a calquera hora do día. Ás mañás éntrese ás 8:10 horas e sáese ás 15:20 horas. Mentres que pola tarde hai clases dende as 16:10 horas ata as 23:00 horas.

- **Órganos de goberno.**

1. Órganos unipersonais	Director/a	
	Vicedirector/a	
	2 Xefes/as de estudos (diúrno e adultos)	
	Secretario/a	
2. Órganos colexiados	Consello Escolar Comisión Económica Comisión de Convivencia Claustro de Profesores/as	
3. Órganos de Coordinación Docente	Departamentos:	Departamento de Orientación. Departamento de Actividades complementarias e extraescolares. Departamentos Didácticos.
	Outros órganos:	Comisión de coordinación pedagóxica. Coordinación de formación en centros de traballo Equipo de dinamización da lingua galega
4. Órganos de representación e decisión dos pais/nais e alumnos/as	ANPAS. Asociación de alumnos/as. Xunta de Delegados/as.	

3.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DA ESO

Cando os alumnos/as chegan á ESO están deixando a infancia e iniciándose a puberdade. Ao rematar o 1º curso están inmersos na adolescencia.

A nivel **físico** sofren un gran cambio corporal. Comezan a desenvolver e consolidar o que vai ser a súa identidade de ser humano e adulto.

A nivel **psicológico** manifestan en xeral condutas impulsivas, moitas veces asociadas a dificultades de reflexión e con poucas habilidades de comunicación que condicionan e dificultan as súas interaccións sociais.

A busca de identidade na súa relación cos iguais e cos adultos, adoita ir asociada a unha actitude de rebeldía e oposición, que o alumno sente necesaria para a súa afirmación persoal.

A nivel **intelectual** estase a producir o paso do pensamento concreto ao pensamento formal e abstracto.

No aspecto **sexual** prodúcese a madurez fisiolóxica, tendo en conta que as mulleres maduran antes que os homes. Os seus intereses adoitan centrarse na reprodución (1º e 2º de ESO) e nas relacións sexuais (no 3º e 4º de ESO), posuindo unha información mestura de tabús e de prexuízos.

1º e 2º DE ESO (12 a 14 ANOS)

- Tendo en conta que as alumnas maduran aproximadamente un ano antes que os alumnos, nestes primeiros cursos prodúcese unha serie de transformacións biolóxicas e cambios hormonais que van influír no comportamento do alumnado, aparecendo moitas veces manifestacións de abulia, apatía e signos de fatiga.
- Prodúcese un gran consumo enerxético, xerando, polo tanto, cansazo físico ao longo da mañá.
- Estas características poden producir alteracións condutuais do tipo: “levar a contraria por sistema” “alardear dos propios defectos” “terquedad” “negativismo” “falta de disciplina, mofarse das advertencias dos adultos”.
- É o momento do cálculo operacional (lógico – matemático), aparecen as dificultades de pensamento lógico, que moitos non superan ata a fin do 2º curso.
- Prodúcese a busca de identidade persoal, onde xorden enfrontamentos con todo o que simbolice “poder”.

- Manifestan unha gran sensibilidade podendo pasar de estados depresivos a eufóricos. Aparecen suxeitos introvertidos / extrovertidos, egocentrismo, irritabilidade. Xorden sentimentos de angustia e inadaptación.
- Non se propoñen aínda a relación co outro sexo, buscando o apoio en compañeiros/as do mesmo sexo.
- Adoitan esixirlle xa ao profesor/a un bo nivel pedagóxico (coñecementos e didáctica) e que sexa responsable e coherente.

3º e 4º DE ESO (15 a 16 anos):

- A nivel fisiolóxico prodúcese un certo equilibrio e van desaparecendo os signos de fatiga. Pode existir un exceso de enerxía polo que se debe buscar unha dinámica activa e participativa nas primeiras sesións do día.
- Poden aparecer crises de ansiedade.
- Aparece o interese nas relacións co outro sexo.
- Aumentan os sentimentos de dignidade e ridículo e unha alta sensibilidade ás críticas e aos acontecementos negativos.
- É conveniente prestar atención ás súas demandas para evitar reaccións de agresividade.
- Nestes cursos perde valoración o profesor/a, gañando ó grupo, como elemento aglutinador e canalizador de iniciativas.

4.- **OBXECTIVOS XERAIS**

- ❖ Axudar ao **proceso formativo do alumnado**, tanto nos aspectos académicos e de integración e participación no centro como nos do seu desenvolvemento persoal e social.
- ❖ Impulsar o **desenvolvemento psicosocial** (integración no grupo clase, desenvolver un nivel axeitado de autoconcepto e autoestima, desenvolver a madurez vocacional).
- ❖ Colaborar no proceso de **toma de decisións** do alumnado respecto ao seu futuro académico e profesional.
- ❖ Facilitar a **implicación e colaboración das familias** no proceso formativo e no de toma de decisión dos seus fillos/as.
- ❖ Potenciar a **coordinación entre profesores/as** e a súa actuación como **equipo de traballo** cuns obxectivos e actuacións comúns.
- ❖ **Prever as dificultades de aprendizaxe** anticipándose a elas e evitando no posible o abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
- ❖ Promover a **utilización de habilidades sociais** básicas, fomentado actividades de cooperación e solidariedade cos demais e aprendendo a resolver pacificamente os conflitos entre iguais.

En base ao subliñado na contextualización e os ámbitos de actuación, os obxectivos específicos preséntase separados para a **ESO, BACHARELATO, FP** e tamén enumeramos uns obxectivos para o **equipo docente** e a **familia dos alumnos/as**; xa que os destinatarios do noso plan son: o alumnado considerado individualmente e como grupo-clase, o equipo de profesores/as e as familias.

→ALUMNADO

- **1º e 2º ESO**
 - Facilitar a **integración do/a alumno/a** no centro e/ou no grupo clase.
 - Dar a coñecer ao alumnado as características organizativas do instituto.
 - **Detectar** as súas **dificultades de aprendizaxe** para realizar se é preciso as adaptacións oportunas.
 - Potenciar o **autocoñecemento** dos alumnos, desenvolvendo a súa asertividade, autoestima e adaptación xeral.
 - Axudar ao/á alumno/a para a realización do traballo autónomo.
 - Facilitar información acerca das opcións académicas de acordo cos seus intereses, motivacións e aptitudes.

- Informarlle acerca dos seus resultados de avaliación.
 - Impulsar **actitudes participativas, cooperativas** e de respecto mutuo.
 - Desenvolver nos alumnos adecuados **hábitos e técnicas de estudo**, así como estratexias de aprendizaxe.
 - **Resolver os conflitos** que xurdan mediante o diálogo construtivo.
 - Desenvolver nos alumnos actitudes e habilidades para afrontar os conflitos que se producen dentro e fóra do contorno escolar, formando aos alumnos/as en habilidades de interacción social.
 - Desenvolver nos alumnos **condutas saudables** e contribuír a un adecuado desenvolvemento dunha educación afectivo – sexual e adecuados hábitos de alimentación e nutrición.
 - Desenvolver nos alumnos actitudes e condutas en favor da igualdade de xénero axudando a recoñecer e previr situacións e actitudes de violencia de xénero.
 - Axudar ao grupo a establecer os seus propios obxectivos, normas, favorecendo actividades cooperativas e de cohesión no grupo.
 - Desenvolver nos alumnos condutas de **autoprotección e denuncia de situacións de acoso**, ciberacoso e intimidación escolar.
 - Desenvolver nos alumnos **condutas responsables de uso das redes sociais** así como actitudes preventivas de cara a un uso seguro de internet.
 - Proporcionar aos alumnos/as unha **orientación educativa** axeitada, conforme ás aptitudes, necesidades e intereses dos mesmos, a través dunha actuación tutorial planificada.
- **3º ESO e 4º ESO**
- **Integrar ao alumnado** no grupo/clase e de ser o caso para o alumnado de nova incorporación no centro.
 - Fomentar a **participación do alumnado** na dinámica e vida do centro.
 - Impulsar **actitudes participativas**, cooperativas e de respecto mutuo.
 - Facer un seguimento do alumnado con dificultades de aprendizaxe para evitar no posible o fracaso e o abandono escolar
 - Profundar no **coñecemento do alumnado**, na súa dimensión persoal e educativa, coa finalidade de personalizar o ensino.
 - Favorecer o **autocoñecemento** e a autoavaliación do alumnado, o proceso de madurez persoal, o desenvolvemento da propia identidade e o seu sistema de valores.

- Facilitar información sobre **opcións académicas** para axudar ao alumno/a na toma de decisións.
 - Profundar no desenvolvemento das **técnicas de estudo e estratexias de aprendizaxe** como contido transversal nas áreas e materias.
 - Contribuír ao desenvolvemento da **orientación educativa e vocacional**, informando e asesorando ao alumnado na elección de itinerarios formativos acordes coas súas aptitudes e intereses, a través dunha actuación tutorial planificada.
 - Facilitar información e asesoramento, o máis personalizado posible, acorde cos seus motivacións e capacidades, sobre as distintas opcións académicas e profesionais.
 - Desenvolver nos alumnos **condutas saudables** e contribuír ao desenvolvemento dunha adecuada educación sexual libre de prexuízos e tabús.
 - Desenvolver nos alumnos **condutas de autoprotección e denuncia de situacións de acoso**, ciberacoso e intimidación escolar.
 - Desenvolver nos alumnos **condutas responsables de uso das redes sociais** así como actitudes preventivas de cara a un uso seguro de internet.
 - Desenvolver nos alumnos actitudes e condutas en favor da **igualdade de xénero** axudando a recoñecer e previr situacións e actitudes de violencia machista.
 - Formar aos alumnos en técnicas e estratexias de inserción laboral.
 - Axudar ao alumno/a a realizar unha toma de decisións coherente e eficaz.
- **BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS**
- Conseguir formación humana no alumnado e favorecer a **educación integral do alumno como persoa**.
 - Amosar interese polo currículo e a súa relación co mundo universitario e laboral.
 - Coñecer as **características da súa personalidade**.
 - Orientar ao alumnado sobre as opcións que ofrece esta etapa educativa.
 - Tender a unha auto orientación do alumnado.
 - Dar a coñecer a **orientación académica e profesional**.
 - Favorecer a educación integral do alumno como persoa.
 - Favorecer os **procesos de madurez persoal**, o desenvolvemento da propia identidade e o sistema de valores e de toma de decisións respecto ó futuro académico e profesional.

- Potenciar unha educación o máis personalizada posible e que teña en conta as necesidades de cada alumno/a.
- Manter a cooperación educativa coas familias e favorecer unha adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

→ EQUIPO DOCENTE

- **Coordinar** aos/ás **titores/as** do mesmo nivel conxuntamente coa **xefatura de estudos**.
- Coordinar as accións do profesorado que interveñen no mesmo grupo.
- Participar, asesorando, no proceso de **avaliación**.
- Informar sobre aqueles aspectos relevantes da traxectoria académica e persoal, de ser o caso, do alumnado do grupo.
- Colaborar no **consello orientador**.

→ FAMILIA

- Favorecer as **relacións fluídas** entre o centro e as familias.
- Informarlles do **desenvolvemento do proceso educativo** dos seus fillos/as, implicándoos nel.
- Asesorar nos conflitos ou situacións problemáticas que puidesen xurdir cos seus fillos/as.
- Solicitalles información referente ao **ámbito familiar** relevante para o proceso educativo.
- Facelos **partícipes do proceso de toma de decisións** dos seus fillos/as.
- Concienciar ás familias para que sexan conscientes das alternativas que se lles presentan aos alumnos ao rematar a súa escolarización nesta etapa.
- Promover unha **comunicación continuada e fluída** coas familias de xeito que os obxectivos educativos do centro teñan unha continuidade no seo familiar.

5.- ORGANIZACIÓN E RECURSOS

5.1.- FUNCIONES

ANÁLISE DAS FUNCIÓNS DOS TITORES	
ONDE SE RECOLLEN	<u>Decreto 324/1996, do 26 de xullo</u>, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES (DOG 9-8-96) Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
ÁMBITOS DA ACCIÓN EDUCATIVA	• Alumnos/as. • Profesorado (equipo docente, en xeral). • Equipo directivo. • Familia.

FUNCIONES EN RELACIÓN CO ALUMNADO	
INFORMAR	Ao comezo do curso: • Calendario escolar. • Horarios. • Programas escolares. • Actividades extraescolares e complementarias. • Criterios de avaliación. • Normas de convivencia. Ao longo do curso: • Información relacionada coas actividades docentes e o rendemento académico.
COÑECER	• As características persoais de cada alumno/a. • Aspectos da situación familiar e escolar que poidan repercutir no seu rendemento académico.
SEGUIR	Os procesos de ensino-aprendizaxe para: • Detectar dificultades e necesidades educativas especiais. • Buscar as respostas educativas mais axeitadas. • Solicitar asesoramento e apoios.

FACILITAR	A integración do alumno/a: • No grupo clase. • Nas actividades do centro.
ORIENTAR	• No proceso formativo dos alumnos/as. • As demandas e inquedanzas do alumnado e mediar diante do resto do profesorado, equipo educativo e alumnado. • Sobre as posibilidades académicas e profesionais.
FAVORECER	• O proceso de maduración vocacional do alumnado.
CONTROLAR	• A asistencia e puntualidade do alumnado. • A documentación oficial relativa ao seu grupo de alumnos. • Os períodos de lecer.

FUNCIONES EN RELACIÓN CO PROFESORADO

INFORMAR	• Das características do alumnado, especialmente nos casos problemáticos. • Características do grupo-clase.
COORDINAR	• O axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados. • As adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo.
FACILITAR	• A cooperación educativa entre profesorado e os pais e nais do alumnado.
COLABORAR	• Cos demais titores no marco do PEC. • Co departamento de orientación, nos termos que estableza a xefatura de estudos.
MEDIAR	• Na resolución de conflitos que presente o seu grupo.
ATENDER	• Xunto co resto do profesorado do centro ao alumnado mentres permanecen no centro nos períodos de lecer.

FUNCIONES EN RELACIÓN CO EQUIPO EDUCATIVO

COLABORAR	• No desenvolvemento do PAT. • No desenvolvemento das actividades de orientación.
MEDIAR	• Na resolución dos problemas do grupo de alumnos.

FUNCIÓN EN RELACIÓN COAS FAMILIAS	
INFORMAR	Ao comezo do curso: • Horarios. • Horario da titoría. • Programas escolares. • Actividades extraescolares e complementarias. • Criterios de avaliación. Ao longo do curso: • Información relacionada coas actividades docentes e o rendemento académico. • Das faltas de asistencia, puntualidade e/ou disciplina dos seus fillos. Ao final do curso: • Das decisións de promoción ou non dun curso a outro.
FOMENTAR	• A implicación das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe. • A implicación das familias nas actividades de orientación dos seus fillos.

5.2.- RESPONSABLES

EQUIPO DIRECTIVO	
DIRECTOR/A	▪ Designación dos titores/as a proposta da xefatura de estudos, entre o profesorado que imparte docencia a todo o grupo, oída a xefatura do departamento de orientación.
XEFATURA DE ESTUDOS	▪ Proposta dos titores/as ao director /a. ▪ Coordinación e orientación da acción dos titores, coas achegas do departamento de orientación, co recollido neste PAT. ▪ Velar polo cumprimento do establecido no PAT.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
▪ Posta en marcha e seguimento do PAT en coordinación coa Xefatura de Estudos e os titores/as designados pola dirección, facilitando soporte técnico para levalo á práctica. ▪ Asesoramento aos titores/as na detección de dificultades e necesidades específicas e nas propostas de programas e medidas de intervención. ▪ Asesoramento aos titores/as no cumprimento do informe individualizado do alumnado. ▪ Coordinación e colaboración cos titores/as na orientación educativa, académica e profesional do alumnado, baixo a supervisión da xefatura de estudos. ▪ Impulso da cooperación entre o centro e as familias a través da acción tutorial.
TITORES
▪ Desenvolvemento do PAT baixo a coordinación da xefatura de estudos en colaboración co departamento de orientación.

- Información ao alumnado e ás familias dos aspectos básicos da organización do centro e do seu rendemento académico.
- Fomento de compromisos educativos entre as familias e o centro, consignando as actividades que pais/nais, profesores/as e alumnos/as se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico e a conduta do alumnado.
- Coñecemento da situación persoal, social, familiar e académica do alumnado naqueles aspectos que repercutan no seu rendemento académico, informando ao equipo docente do grupo das características e situacións máis relevantes.
- Seguimento global dos procesos ensino aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Coordinación do equipo docente nos aspectos necesarios para a boa marcha do grupo e para o desenvolvemento académico individual, facilitando a cooperación educativa entre o profesorado e as familias.
- Organización e coordinación da sesión de avaliación do seu grupo/clase.
- Orientación e asesoramento ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais en colaboración co departamento de orientación.
- Coordinación co departamento de orientación e os demais titores no marco de PAT.
- Asesoramento nas demandas e inquiredanzas do alumnado e mediación, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Cumprimento dos documentos oficiais relativos ao seu grupo.
- Control das faltas de asistencia e incidencias do alumnado informando ás familias, á xefatura de estudos e ao departamento de orientación, se fose necesario.
- Seguimento da AXENDA ESCOLAR.

PROFESORADO

- Participación na orientación educativa, académica e profesional do alumnado, en colaboración co titor/a e o departamento de orientación.
- Participación, baixo a coordinación do titor/a, nos procesos de avaliación así como na elaboración do informe individualizado.
- Análise de dificultades e necesidades especiais e busca de respostas educativas adecuadas, solicitando os oportunos asesoramentos e apoios, poñendo esta situación en coñecemento do titor.
- Información ao titor das faltas de asistencia e incidencias do alumnado, a través do procedemento establecido neste PAT.
- Participación nas xuntanzas convocadas polo titor/a ou a xefatura de estudos para coordinar a acción docente do grupo.

FAMILIAS

- As familias teñen o dereito e deber de estar informadas de todo o que atinxe ao desenvolvemento educativo do seus fillos/as no centro a través dos documentos que se recollen nos anexos deste PAT.
- A canle habitual de comunicación das familias co centro será o titor/a do seu fillo. Este, pode poñelos en contacto ben con algún membro do equipo docente ben con algún membro do equipo directivo ou co orientador do centro.

5.3.-ASIGNACIÓN TUTORÍAS

Os/as tutores/as serán designados polo **director/a**, por proposta da **xefatura de estudos** e oída a **xefatura do departamento de orientación**, atendendo aos seguintes criterios:

- O profesor titor deberá **impartir clase a todo o grupo** do cal é titor/a.
- As tutorías serán asignadas preferentemente a profesores/as dunha **materia común a todos os alumnos /as** do grupo.
- Para a selección dun titor/a compre ter un coñecemento do centro, polo que se procurará, preferentemente, que sexa **definitivo no centro**.
- A dirección poderá nomear **tutores de grupos específicos** de alumnos ou alumnas ou individualmente que precisen unha atención especial.
- A dirección poderá nomear **tutorías compartidas** (dous tutores/as no grupo) en grupos que pola súas dificultades ou problemática o precisen.

5.4.- **RECURSOS - HORARIOS**

Aínda que a orientación e a tutoría dos alumnos sexa unha **tarefa compartida polo profesorado**, a figura do titor, como órgano de coordinación docente, segue sendo necesaria na coordinación do equipo de profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas, e para elo precisa dun **tempo**. Os/as titores/as contarán para o desenvolvemento da **acción tutorial** coas seguintes sesións semanais fixas:

- ❖ **Unha sesión semanal presencial co seu grupo clase**; procurarase que coincida por nivel o mesmo día. Nesta sesión desenvolverá o programa establecido a principio de curso e segundo o **PAT**.
- ❖ **Unha hora semanal de atención a pais/nais** do seu grupo clase.

O profesorado atenderá, dentro do seu horario lectivo e presencial, ás familias que así o soliciten a través do titor/a. A xefatura de estudos e a xefatura de orientación atenderán ás familias que así o soliciten a través do titor dentro do seu horario lectivo semanal.

Ademais destas horas semanais fixas, os titores/as e profesorado en xeral poden ser convocados a xuntanzas de coordinación docente dun grupo ou de coordinación de titores/as en horas complementarias non fixas.

A principio de curso a dirección do centro facilitará aos titores/as a documentación necesaria para o desenvolvemento da acción tutorial: listado do alumnado do seu grupo, horario do seu grupo, normas de convivencia do centro e de aula, normas de organización dos espazos do centro...

O/a titor/a poderá convocar para unha reunión a todo o equipo docente do seu grupo de alumnos para temas puntuais ou analizar a marcha do grupo. De ser necesario acudirá tamén o xefe de estudos, e/ou orientador e/ou a profesor/a de Pedagogía Terapéutica e deberán ser convocados estes polo titor/a.

6.- TAREFAS POR NIVEIS E TEMPORALIZACIÓN

6.1.- TAREFAS XERAIS DO CENTRO

Actuacións xerais de tutoría no PAT:

- Asembleas de Aula (na primeira tutoría de cada mes, ou cando se precise).
- Cartas de faltas (unha vez ao mes).
- Entrevistas cos pais/nais (en calquera momento do curso)
- Entrevistas individuais co alumnado (cando sexa necesario).
- Entrega dos boletíns informativos coas notas (a finais dos trimestres).
- Informe Individualizado de Final de Curso (**Anexo I**)

Actuacións xerais de orientación no PAT:

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Participar na acollida e coñecemento inicial dos alumnos/as	Setembro/outubro
Concretar a programación de actividades para cada curso procurando adaptar o PAT ás necesidades específicas de cada grupo	Setembro/outubro
Entregar aos titores/as documentación informativa do cumprimento das súas funcións	Setembro
Informar aos titores/as dos datos máis salientables coñecidos sobre os seus alumnos/as (avaliación inicial)	outubro
Entregar material aos titores/as o material necesario para levar a cabo o PAT	Todo o curso
Participar na avaliación inicial	outubro
Participar nas xuntas de avaliación	Finais de trimestres
Convocar reunións informativas cos titores/as	Todo o curso
Deseñar actividades de tutoría encamiñadas a mellorar a relación entre os alumnos/as e a súa convivencia	Todo o curso
Colaboración no Programa de Técnicas de estudo	1º e 2º trimestres
Colaboración no Obradoiro de Igualdade	1º trimestre
Coordinación do Programa de Prevención de Drogodependencias	2º e 3º trimestre
Colaborar na aplicación dun Programa de Habilidades Sociais	3º trimestre
Organización de diversas charlas de carácter preventivo	Todo o curso
Avaliar o PAT ao longo do curso	Xuño

6.2.- TAREFAS ESPECÍFICAS POR CURSOS

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE 1º ESO	
1º TRIMESTRE	• Programa de acollida, organización do curso e do grupo-clase: – Actividades de acollida e presentación. – Coñecemento das características da etapa e do instituto. – Coñecemento dos criterios de promoción e do sistema de avaliación. – Enquisa inicial de recollida de datos do alumno/a. – Coñecemento das Normas de Organización e Funcionamento (NOF). – Coñecemento dos Órganos de Goberno do Instituto. – Elección de delegado/a e subdelegado/a. – Información do calendario escolar. – Acordo da programación da tutoría. • Desenvolvemento do programa de Técnicas e Estratexias de Estudo I: – Coñecemento dos meus hábitos e estratexias de estudo. – Organización e normas de uso da a axenda escolar. – Organización da tarde mediante a elaboración dun horario de estudo. Sesión de estudo. • Cinensino. • Conmemoración 25 de novembro: Día internacional para a eliminación da violencia ás mulleres. • Traballando a autoestima coas postais de Nadal. A idea máis fermosa. • Sesión de Pre-avaliación: Reflexionar e debater sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.
	• Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación. • Desenvolvemento do programa de Técnicas e Estratexias de Estudo I: – Os pasos dun método de estudo.

Ao volver do instituto a casa, que cousas acostumas a facer? (Sublíñaas): Estudiar, ler, escoitar música, ve-la TV, pasear, entrenar, ir a algunha clase particular, xogar na rúa, axudar na casa, outras: _____

Lingua empregada na túa casa: _____

Os teus pais entre eles: _____ Os teus pais contigo: _____

Vives algunha situación familiar que poida dificultar o teu rendimento: _____

DATOS DA ESCOLARIDADE:

- Centro no que cursaches Primaria: _____
- Estiveches nalgún outro centro?: _____
- Repetiches algún curso? (En caso afirmativo indica cal): _____
- Promocionaches de 3º a 4º de ESO con áreas ou materias avaliadas negativamente? (En caso afirmativo indica cales): _____
- Indica as túas áreas e materias preferidas: _____
- Indica as áreas e materias que menos che gustan: _____
- Indica as áreas e materias nas que tes máis dificultades: _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Avda. Dona Fermina, nº1
36207 VIGO
Tfno. 886 111 003 Fax 886 111 013
ies.guia@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesguia



CUESTIONARIO 4º ESO

Para coñecernos mellor e axudarche naquilo que precisas cubrir esta enquisa coa maior sinceridade posible. Cando remates entrégalla ao titor/a.

DATOS PERSOAIS:

Apelidos: _____ Nome: _____

Data de Nacemento: _____ Idade: _____

Enderezo: _____ Concello: _____

Teléfono: _____

DATOS FAMILIARES:

➤ Contigo tamén viven:

NOME	PARENTESCO		

Destas persoas entendeste mellor con _____ e menos con _____

Sinala con quen estás habitualmente ao chegar a casa á saída do instituto: _____

Ao volver do instituto a casa, que cousas acostumas a facer? (Sublíñaas): Estudiar, ler, escoitar música, ve-la TV, pasear, entrenar, ir a algunha clase particular, xogar na rúa, axudar na casa, outras:

Lingua empregada na túa casa: _____

Os teus pais entre eles: _____ Os teus pais contigo: _____

Vives algunha situación familiar que poida dificultar o teu rendimento: _____

DATOS DA ESCOLARIDADE:

- Centro no que cursaches Primaria: _____ e a ESO: _____
- Estiveches nalgún outro centro?: _____
- Repetiches algún curso? (En caso afirmativo indica cal): _____
- Pasaches a FPB dende o curso: _____
- Indica as túas áreas e materias preferidas: _____
- Indica as áreas e materias que menos che gustan: _____
- Indica as áreas e materias nas que tes máis dificultades: _____
- Despois de FPB querrías facer un ciclo medio? ____ Cal? _____

ANEXO V**TÉCNICAS DE ESTUDIO****COMO ESTUDAS?****LUGAR**

Tes un lugar fixo de estudio e procuras traballar sempre nel?	SI	NON
Estudas nun lugar ventilado e afastado de ruído, TV...?	SI	NON
Procuras que no lugar de estudo non haxa persoas ou cousas que che impidan concentrarte?	SI	NON
Estudas nun lugar iluminado?	SI	NON
Estudas deitado na cama ou no sofá?	SI	NON
Cando empezas a estudar, tes a man todo o material necesario (bolígrafos, dicionarios, lapis, goma, etc.)?	SI	NON
A túa mesa de estudio, Está moi desordenada?	SI	NON

PLANIFICACIÓN DO ESTUDIO

Tes un horario fixo de estudio?	SI	NON
Deixas para o último día a preparación dos exames?	SI	NON
Antes de comezar o estudio:		
Pensas como vas a facer e como vas a distribuír o tempo?	SI	NON
Dedicas máis de dúas horas diarias a preparar as clases?	SI	NON

ATENCIÓN NA AULA

Prestas atención ás explicacións do profesor/a?	SI	NON
Preguntas na clase cando hai algo que non entendes?	SI	NON
Tomas nota das leccións sinaladas para estudar ou dos exercicios que se mandan para casa?	SI	NON
Participas nas actividades de grupo na clase?	SI	NON

APUNTES

Tomas notadas explicacións do profesor?	SI	NON
Utilizas o dicionario para ver o significado das palabras que descoñeces?	SI	NON
Cando estudas, subliñas as ideas importantes?	SI	NON
Fas esquemas das leccións que estudas?	SI	NON
Pensas que tes adquirido un hábito de estudio adecuado?	SI	NON

MATERIAIS PARA TRABALLAR AS TÉCNICAS DE ESTUDIO

- Técnicas de estudio. J. Banquet. Editorial almadraba
- Caderno de técnicas de estudo. J. M. Louzao e T. Prieto. Editorial xerais.
- Novas técnicas de estudo para o ensino secundario. J. M. Louzao e T. Prieto. Editorial Xerais.
- Enseñar a estudiar, aprender a estudiar. ArmandaZenhas e varios. Herramientas. Narcea.
- Cuaderno de técnicas de estudio. J. M. Louzao. Editorial Playor.
- Nuevas técnicas de estudio para la enseñanza secundaria. José Montaña Louzao. Editorial Playor.

- APRENDER A ESTUDIAR.
http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2006/aprender_estudiar/index2.html
- APRENDER A ESTUDIAR. JUNTA DE ANDALUCIA.
<http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/aplicaciones/aprender/default.htm>
- TÉCNICAS DE ESTUDIO.
<http://grupopsicopedagogia.blogspot.com.es/>

PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO para 1º ESO

O **obxectivo** desta planificación é propor unha serie de actividades que permitan unha efectiva continuidade do alumnado, para pasar dunha etapa a outra. Definimos o concepto **TRÁNSITO** como o paso dunha etapa a outra que experimenta o alumnado cando cambia de etapa educativa e tamén de centro.

A finalidade da ESO consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos de cultura, especialmente aspectos humanísticos, artísticos, científicos e tecnolóxicos; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

O paso de Educación Primaria a ESO supón un cambio moi importante para o alumnado e para a súa formación:

- **Centro:** asistirán a un novo centro, un instituto, un centro máis grande, cun ambiente novo e máis esixente.
- **Clima institucional:** hai un cambio en canto a edificio, réxime de disciplina, relación, maior autonomía por parte do alumnado e, por tanto, maior necesidade de autocontrol e de autorregulación.
- **Relación sociais:** o alumnado pasa a formar parte dun grupo maior, incorporándose alumnado novo no grupo.
- **Metodoloxía:** a exposición por parte do profesorado ten maior peso dentro da metodoloxía, a aprendizaxe memorística adquire unha maior importancia, os docentes móstranse máis distantes afectivamente, etc. Aspectos que inciden no proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumnado. Os alumnos/as primordialmente van ser valorados en función das súas destrezas académicas.
- **Horario:** o horario de clase é máis extenso e intensivo, tendo maior número de horas de clase. O maior número de profesores e de materias leva consigo unha sobrecarga de traballo para o novo alumnado.

O éxito radica na **colaboración** entre os centros de partida e o centro de chegada, artellando medidas que favorezan unha transición gradual que axude ao alumnado a adaptarse á nova situación, minimizando a aparición de efectos negativos no plano social, persoal e académico. É fundamental o **traballo coordinado**.

O desenvolvemento do alumnado é un proceso continuo e ascendente, que acontece como resultado da educación: os logros que se producen nunha etapa, sexa primaria ou secundaria, teñen repercusións para a seguinte e serán a base doutras aprendizaxes posteriores.

O **PROGRAMA DE TRÁNSITO** diríxese basicamente a tres grupos:

- **ALUMNADO.** Os alumnos/as que finalizan a etapa de Educación Primaria do CEP SANTA TEGRA, CEIP EDUARDO PONDAL e CEIP PARAIXAL, inician os seus estudos en 1º ESO no instituto. Dentro deste grupo arbítranse unha serie de medidas que atendan de xeito xeral ás necesidades do grupo-clase, sen esquecer, a atención ao alumnado que presente unhas características específicas.
- **FAMILIAS.** As familias dos alumnos/as que se incorporan a 1º da ESO. A colaboración das familias do alumnado é de suma importancia, é un aspecto fundamental para obter uns óptimos resultados neste proceso de adaptación.
- **PROFESORADO.** Os responsables do deseño e desenvolvemento do Programa serán os que a continuación se enumeran:
 - Equipo de mestres/as. Basicamente os titores/as de 6º EP.
 - Equipo de profesores/as de secundaria.
 - O Equipo directivo dos diferentes centros.
 - Os Departamentos de Orientación. Concretamente os orientadores/as dos centros implicados.

1º.- OBXECTIVOS DO PROGRAMA

1. Facilitar una **axeitada transición e adaptación** do alumnado aos cambios producidos no contexto escolar, de Educación Primaria a 1º de ESO.
2. Facilitar o **proceso de acollida e integración** para previr situacións de inadaptación, ansiedade, illamento ou baixo rendemento escolar.
3. Establecer unha adecuada **comunicación** entre os centros e as familias.
4. Orientar ás familias sobre aqueles aspectos que permitan a adaptación dos seus fillos/as á nova etapa educativa.
5. Orientar ao profesorado co **intercambio de datos**, documentación e información de interese para mellorar a resposta educativa do alumnado.
6. Promover a **coordinación** entre os CEIP e o CPR.
7. Coordinar as actuacións tutoriais entre os diferentes centros.

8. Adoptar as medidas oportunas de atención á diversidade: adaptacións curriculares, medidas de reforzo, agrupamentos flexibles, exención en francés, etc.
9. Coordinación nas actuacións a levar a cabo nun primeiro momento da incorporación do alumnado.

2º.- METODOLOXIA

O principio metodolóxico polo que nos orientaremos para levar a cabo este programa é a **participación activa** de todos os axentes implicados, dende un enfoque **colaborador**. É fundamental a **coordinación** das distintas persoas implicadas para desenrolar as actividades previstas, así como asumir as responsabilidades que lle corresponden a cada axente educativo. Neste senso, os orientadores xunto cos titores/as e parte do equipo directivo asumirán a principal responsabilidade.

Referente ao traballo coas familias e o alumnado, manteremos unha **actitude aberta e confiada**, para aminorar ansiedades innecesarias, evitar malentendidos e posibles problemas de integración no centro.

3º.- ACTIVIDADES – ACTUACIÓNS

3.1.- ACTIVIDADES CO ALUMNADO PARA 1º ESO

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Sensibilización ante o cambio da etapa e de centro	2º Trimestre	Orientador/a primaria
Actividade de convivencia. Alumnado de 1º ESO e de 6º primaria	3º Trimestre	Orientadores/as e profesores/as
Xornada de portas abertas. Visita do alumnado de 6º primaria ás instalacións do instituto, reunión informativa, ... no IES A GUÍA. Charla informativa con participación do alumnado de 1º ESO.	3º Trimestre	Titores/as, alumnos/as de 1º ESO, orientadores/as, equipo directivo
Traspaso de información do alumnado que ingresará no instituto	3º Trimestre	Orientadores/as e xefe/a de estudos

3.2.- ACTIVIDADES CO PROFESORADO

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Planificación do Programa de Transición	3º Trimestre	Orientadores/as
Reunións para coñecemento do alumnado	3º Trimestre	Orientadores/as e xefe/a de estudos
Intercambio de información (Informe Individualizado)	3º Trimestre	Titores e orientadores
Alumnado con necesidades específicas de apoio (ANEAE). Reunión para establecer unhas pautas de actuación para o curso seguinte	3º Trimestre	Titores/as, PT, orientadores/as
Traspaso de información do alumnado que ingresará no instituto	Xuño	Orientadores/as e xefe/a de estudos
Análise dos datos e organización das medidas de atención a diversidade	Xuño, setembro	Orientador/a e xefe/a de estudos
Avaliación do programa de tránsito	Setembro	Orientadores/as

3.3.- ACTIVIDADES COAS FAMILIAS DOS ALUMNOS/AS

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Información do programa. Presentación das actividades a desenvolver	3º Trimestre	Titor/a, xefes/as de estudos, orientadores/as
Reunión de coordinación, para establecemento de pautas de actuación	3º Trimestre	Orientadores/as
Visita ao IES A GUÍA, información sobre a ESO.	3º Trimestre	Equipo directivo e orientadores/as
Proceso de matriculación	Xuño	Pais/nais, alumnos/as, administrativos

A coordinación das diferentes actuacións realizarase a través dos Departamentos de Orientación de primaria e da ESO, e ao longo de todo o curso.

ACTIVIDADES DE COÑECEMENTO DE NORMAS

ACTIVIDADE I: SENSIBILIZACIÓN DO ALUMNADO

• **OBXECTIVOS:**

- Sensibilizar ao alumnado sobre a eficacia das normas compartidas para o bo funcionamento do centro.
- Comprender a boa marcha da convivencia como unha responsabilidade compartida de toda a comunidade educativa.

• **DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:**

PROPOSTA 1:

1. Cada alumno/a pensa nun grupo ao que pertence (familia, panda, equipo deportivo, grupo de música, asociacións,...) escríbeo e detalla as normas do mesmo, tanto as que están escritas, é dicir, as que son explícitas, como as que non están escritas pero que se son incumplidas por alguén este é mal visto no grupo e incluso rexeitado dentro do mesmo.
2. Posta en común en pequeno grupo (3-4 persoas), respondendo posteriormente ás seguintes preguntas:
 - Que fai o grupo para dar a coñecer as normas?
 - Que fai para que se respecten?
 - Como é sancionado o seu incumprimento?
 - Que pensas que pasaría se non existisen as normas no grupo? E na sociedade?
 - Que sentido ten ter normas neste instituto? Como sería un instituto sen normas? (implícitas).
3. Posta en común e conclusións.
4. Seguindo a mesma dinámica de traballo individual, en pequeno grupo e posta en común respóndese ás seguintes frases:
 - As normas axúdanme cando.....
 - Salto as normas cando.....
 - O peor de ter normas é.....
 - O mellor das normas é...

PROPOSTA 2:

Pódese seguir a mesma dinámica de traballo individual, en pequeno grupo e posta en común. Trátase dunha actividade de análise de casos. Pasos:

1 – Lectura do seguinte caso:

“Son un alumno/a que acaba de chegar ao instituto e atópase perdido/a. Vexo aos demais rapaces e rapazas polos corredores cando antes no colexio de Primaria debíamos estar dentro da clase; porén, agora cando eu saio da aula sempre hai algún profesor/a que me rifa porque debería estar dentro. Oio timbres e non sei cando teño que entrar e cando teño que saír. Todo isto paréceme moi complicado. Chegamos ao centro ao día seguinte e topamos a aula pechada con chave, non sabíamos que tiñamos que facer nin se tiñamos que pedirlle a chave a alguén. O outro día faltou un profesor e eu pensaba que viría outro para estar con nós pero non foi así. Aquí temos que avisar a un profesor/a que se lle chama “de garda” para dicirlle que estamos sos. Dentro da clase pasa algo parecido. Hai compañeiras e compañeiros que cando o profesor/a está a explicar érguense das súas cadeiras e o profesor/a rífalles. Eles/as din que no seu colexio podían erguerse. Cando estamos a facer tarefas eu acostumo a moverme do meu sitio para ir á papeleira, deixar un material a un compañeiro/a ou pedirillo eu, pero aquí cuns profesores pódese facer e non che din nada e en troques, con outros levas unha rifa de coidado. Con este barullo algúns compañeiros/as falan continuamente e sempre están a enredar. Están a facerse os “maiores”. Outros non conseguimos decatarnos de nada. Non sei que teríamos que facer porque a clase é unha lea de ruídos e coma min pásalles a moitos compañeiros/as: atopámonos perdidos. No sei se temos que falar cun profesor ou con todos, se hai ou non unhas normas comúns, que temos que facer para que non nos rifen sempre”

2 – Resposta ás seguintes preguntas:

- Como ves, ese alumno e esa clase tiñan algúns problemas. Escribe un resumo sobre eles.
- Pero todo problema ten a súa solución. Que podería facer cada alumno individualmente e que se che ocorre que podería facer o grupo?
- ¿Sería necesario tomar posturas a nivel de todo o instituto, establecer unhas normas xerais para que isto non ocorrera? ¿Cales?

Coa posta en común teríase un marco de entrada á seguinte sesión.

ACTIVIDADE II: CREACIÓN DE NORMAS PARA O GRUPO-CLASE

• OBXECTIVOS:

- Favorecer a participación do alumnado na creación de normas e consecuencias ante o seu incumprimento.
- Implicalos/as no seu deseño e aplicación.
- Facer que as normas respondan á realidade da vida do centro dende a percepción do alumnado.
- Organizar a convivencia na clase.

• DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

1. Presentación da actividade: procedemento, ámbito e límites das normas.

O titor/a deberá deixarles claro aos alumnos/as que non podemos crear normas que choquen con outras normas superiores para que estes poidan axustar as súas expectativas ao que imos ofrecerlles. Coa finalidade de estruturar dita tarefa podemos definir os ámbitos sobre os que imos escribir as normas ou partir das necesidades do grupo-clase e do centro recollidos no documento NOF:

- Asistencia e puntualidade.
- O coidado da aula, do entorno (instalacións e espazos) e do material.
- As relacións persoais entre os membros da comunidade educativa.
- A actividade académica en xeral e a realización de tarefas en particular.
- Saúde e hixiene.

2. O titor/a irá explicando en que consiste cada un destes ámbitos. A continuación pode entregarlles aos alumnos/as un breve inventario de condutas apropiadas dentro da aula ou, simplemente, pediralles que eles/as escriban aquilo que pensan que pode desfavorecer ou prexudicar a marcha da clase en referencia a cada un destes ámbitos. A continuación facemos grupos de 3-4 alumnos/as e pedímoslles que partindo das necesidades que detectaron no grupo que formulen as normas que consideren máis importantes para que a convivencia na clase e no centro funcione ben. Para establecer ditas normas dámoslles as seguintes pautas:

- As normas deben ser claras e concretas.
- Enunciadas en positivo.
- Realistas e fáciles de cumprir.
- Xustas e comprensibles.

- Non deben ser moitas (sobre oito ou dez).
- Non deben ir contra normas superiores.

3. Na lousa ou nun cartel, imos escribindo as normas que nos vaian dicindo os grupos, excluindo aquelas que se repitan e refundindo as que poidamos. Pedímoslle a cada un dos grupos que establezan consecuencias ante o incumprimento das normas. O traballo remata cando o grupo ten elaboradas as súas normas e as consecuencias derivadas do seu incumprimento. As normas permanecerán na aula expostas nun póster.

4 – Con estas normas e as súas consecuencias, os delegados/as, xunto cos titores/as poden establecer unha redacción final.

Para o seu desenvolvemento podería empregarse o seguinte impreso:

Normas	Consecuencias
<i>A asistencia a clase e a puntualidade.</i>	
1-	
2-	
3-	
<i>O coidado da aula, do entorno, do material:</i>	
1-	
2-	
3-	
<i>As relacións entre os membros da comunidade educativa</i>	
1-	
2-	
3-	
<i>Actividade académica en xeral e realización de tarefas en particular</i>	
1-	
2-	
3-	
<i>Saúde e hixiene</i>	
1-	
2-	
3-	

ELECCIÓN DE DELEGADO/A DE GRUPO

A elección de Delegado/a de grupo realizarse no primeiro mes de curso, na semana que indique a xefatura de estudos. A mesa electoral estará formada polo alumno/a mais novo, que actuará como Secretario/a e o mais vello, que actuará como vogal, presidida polo titor/a do grupo. O alumno/a mais votado será o Delegado e o segundo máis votado será o Subdelegado/a. Levantarase acta da elección segundo modelo adxunto.

O DELEGADO DE GRUPO DEBE:

- Asistir ás reunión da Xunta de Delegados/as e participar nas súas deliberacións e transmitirá os acordos
- Expoñer aos órganos de goberno e de coordinación docente as suxestións e reclamacións do grupo ao que representa con ánimo de mellorar na medida do posible.
- Fomenta-la convivencia entre os alumnos/as do grupo.
- Colaborar co titor/a e o equipo directivo nos temas que afecten ó funcionamento do grupo de alumnos/as.
- Colaborar co profesorado e cos órganos de goberno do centro para o bo funcionamento do mesmo.
- Fomenta-la axeitada utilización do material e instalacións do centro.

O DELEGADO DEBE SER:

- Unha persoa responsable e aceptada polo grupo.
- Unha persoa que respecta a todos/as e se faga respectar.
- Unha persoa firme na defensa dos intereses dos compañeiros/as.
- Unha persoa dialogante, tolerante e con iniciativas.

O DELEGADO TEN DEREITO A:

- Ser oído polos órganos de goberno do centro nos asuntos pertinentes.
- Recibir información do acordado nas sesións da Xunta de Delegados/as, do Consello Escolar (nos asuntos pertinentes).
- Ser revocado o seu nomeamento, previo informe razoado dirixido ó titor/a, a petición dos dous terzos do alumnado do grupo.
- Dimitir por razóns xustificadas.

SESIÓN PREPARATORIA ELECCIÓN DE DELEGADO/A

Guía para Tutores/as

Obxectivos

- Propiciar a reflexión do alumnado sobre as características máis adecuadas para os delegados/as
- Facilitar o coñecemento das funcións dos delegados/as de grupo
- Tomar consciencia do proceso de elección de representantes.

Material necesario

- Unha “Ficha de traballo” para cada alumno/a.

Desenvolvemento da sesión

0) Breve explicación do que se vai facer e da súa importancia.

1) Traballo individual na “Ficha”.

Cada alumno/a expresa o seu criterio inicial sobre as características do delegado/a ..

- Rodeando as que considera *adequadas*
- Tachando as que considera *inadequadas*
- Anotando *outras* que tamén considera adecuadas

2) Traballo en pequenos grupos.

Dividir a clase en pequenos grupos (de 4 ou 5 alumnos/as) para que ...

- Dialoguen sobre as características que cada quen propón.
- Seleccionen catro ou cinco características persoais nas que **todos** os membros do pequeno grupo están de acordo.
- Anoten na Ficha esta **selección** realizada no pequeno grupo.

3) Posta en común.

- Un representante de cada pequeno grupo expón á clase as características seleccionadas e o titor/a vai tomando nota na pizarra ata obter a selección definitiva de todo o grupo, coas características maioritariamente propostas.

- Cada alumno/a toma nota na súa ficha da **selección definitiva de características persoais** que segundo a opinión maioritaria do grupo debe reunir o delegado/a.
- Comentarios e observacións.

5) Repaso da normativa sobre elección de representantes do alumnado e as súas funcións.


(Mirar as NOF)

6) Conclusións

Sesión preparatoria da Elección de Delegado/a

FICHA

1) **Rodea, tacha e completa** con outras características, segundo o que ti opinas



2) Selección de características

Características do Delegado/a

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____

ELECCIÓN DE DELEGADO/A E SUBDELEGADO DE CURSO

Debes contestar a todas as cuestións con sinceridade, asignando a cada casilla unha puntuación de 0 a 5. O 0 significa que non estás de acordo radicalmente coa afirmación, e o 5 que estás totalmente de acordo con ela.

1. O delegado/a ante todo ten que ser:

- ☐ Un bo compañeiro
- ☐ O máis simpático da clase
- ☐ O que saca mellores notas
- ☐ O máis querido polos compañeiros

2. O delegado/a ten que ser unha persoa:

- ☐ Seria e responsable
- ☐ Que teña iniciativas
- ☐ Que sexa ben aceptado por todo o grupo
- ☐ Que nós respecte e se faga respectar por todos

3. As funcións máis importantes do delegado/a son:

- ☐ Asistir periodicamente á Xunta de Delegados/as
- ☐ Expoñer a Dirección do centro as suxerencias e queixas do seu grupo
- ☐ Colaborar co profesorado e a Dirección para unha boa marcha do centro.

4. Son tamén funcións do delegado/a:

- ☐ Coidar o material e as instalacións do centro
- ☐ Responsabilizarse do parte de asistencia a clase
- ☐ Colaborar co titor/a na resolución dos problemas do curso.

5. Un bo delegado/a para o meu grupo sería (por orde de preferencia):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....

Folla resume da posta en común

O delegado/a ante todo ten que ser: (consignar as 4 opcións con maior puntuación)

- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____

As funcións máis importantes do delegado/a son:

- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____

Son tamén funcións do delegado/a:

- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____

Un bo delegado para o meu grupo sería (por orde de preferencia):

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____

ACTA DE ELECCIÓN DO DELEGADO/A

De acordo co disposto no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/96 do 26 de xullo), esta clase de _____ reúnese en Asemblea para a elección de Delegado/a de clase.

Proclamados os candidatos e realizadas as votacións, prodúcense os seguintes resultados:

	NOME DO ALUMNO/A	Nº DE VOTOS
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		

Segundo estes resultados, resultan electos os seguintes alumnos/as, quenes firmando a acta, toman posesión do cargo correspondente:

Delegado/a:.....

Subdelegado/a:.....

1º/a Reserva:

2º/a Reserva:

DELEGADO/A

SUBDELEGADO/A

Vigo, a.....de de 202...

Sen outro asunto que tratar, levántase a sesión.

Asinado: O titor/a

Asinado: O secretario/a

Asinado: O vogal

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

TÍTULO I: Dereitos e deberes.

1. ALUMNADO

DEREITOS DOS ALUMNOS/AS

O alumnado ten dereito a:

1. Exercer os seus dereitos, o que implica o coñecemento e respecto dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa.
2. Recibir unha información que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade de acordo cos principios da L.O. 2/2006 do 3 de maio (LOE).
3. Ter as mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis do ensino. Nos niveis non obrigatorios non haberá máis limitacións que as derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o estudo.
4. Non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
5. Que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade.
6. Que o profesorado e titores/as manteñan unha comunicación fluída co alumnado e os pais/nais ou titores legais.
7. Coñecer os criterios xerais e mínimos esixibles para a avaliación das aprendizaxes e a promoción no centro.
8. Reclamar contra as decisións e cualificacións que como resultado do proceso de avaliación se adopten ao finalizar un ciclo ou curso. A dita reclamación deberá basearse na inadecuación da proba proposta ao alumno/a en relación cos obxectivos ou contidos da área ou materia sometida á avaliación e co nivel previsto na programación; ou unha incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
9. Recibir orientación escolar e profesional. De maneira especial, coidarase a orientación escolar e profesional dos/as alumnos/as con discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou con carencias sociais ou culturais.
10. Desenvolver a súa actividade académica nas condicións debidas de seguridade e hixiene.
11. Que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións, relixiosas, morais e ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.

12. Que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto en ningún caso de tratos vexatorios ou degradantes.
13. Participar no funcionamento e vida do centro de acordo ao disposto na Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación e no presente regulamento.
14. Elixir, mediante o sufraxio directo e secreto, aos seus representantes no Consello Escolar e aos delegados/as de grupo.
15. Os/As delegados/as non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos/as, nos termos da normativa vixente
16. Os membros da Xunta de Delegados/as en exercicio das súas funcións terán dereito a consultar as actas das sesións do Consello Escolar e calquera outra documentación administrativa que lles afecte, salvo aquela cuxa difusión puidese afectar ao dereito á intimidade das persoas ou ao normal desenvolvemento dos procesos da avaliación académica.
17. O alumnado poderá asociarse unha vez rematada a súa relación co centro escolar, ao remate da súa escolarización, en entidades que reúnan ao antigo alumnado e colaborar a través delas no desenvolvemento das actividades do centro.
18. Ser informado polos membros da xunta de delegados e polos representantes das asociacións de alumnos, tanto das cuestións propias do centro como das que afecten ao sistema educativo en xeral.
19. Á liberdade de expresión sen que o exercicio desta cause prexuízo aos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e do respecto que merecen.
20. Á súa imaxe, que non pode ser utilizada sen o seu consentimento ou o dos seus pais/nais ou titores/as legais.
21. Manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lle afecten.
22. Reunirse no centro docente para actividades de carácter escolar ou extraescolar que formen parte do proxecto educativo do centro, así como para aquelas outras ás que poida atribuírse unha finalidade educativa ou formativa. Estas reunións realízanse preferentemente dentro do horario do centro e necesítase permiso expreso por parte da dirección do mesmo.
23. Utilizar as instalacións do centro coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

DEBERES DOS ALUMNOS/AS

O deber máis importante do/a alumno/a é aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Isto concrétase nas seguintes obrigas para o alumnado:

1. Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
2. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
3. Permanecer dentro das aulas entre clases, agás nos casos de desprazamentos a outras aulas.
4. Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e amosarlle o debido respecto e consideración.
5. Respetar o exercicio do dereito ao estudo dos/as seus/súas compañeiros/as.
6. Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
7. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
8. Respetar o Proxecto Educativo e o carácter propio do Centro.
9. Coidar e utilizar os bens mobles e as instalacións do centro, así como respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
10. Entregar ao profesorado, se este llo require, os obxectos, substancias ou produtos que porte e que estean expresamente prohibidos polas normas do centro. O profesorado depositaraos na xefatura de estudos e, no caso dos menores, recolleraos o pai/nai, titor/ra legais; os maiores de idade recolleranos unha vez rematada a xornada escolar.
11. Participar na vida e funcionamento do centro.

NORMAS DE AULA

1. Asistir con **regularidade** e **puntualidade** ás clases e **traer o material** necesario.
2. Durante os **cambios de clase** **permanecer dentro da aula**, mantendo a debida compostura. Cando hai que cambiar de aula manter a orde debida polos corredores.
3. Agardar a **autorización do/a profesor/a** para abandonar a aula; e antes de saír, deixar as **mesas e as cadeiras en orde**, a **luz apagada** e a **porta pechada**.
4. Manter a **clase limpa e ordenada**.
5. Evitar comer ou beber na aula. Non se pode ir á cafetería nos cambios de clase.
6. Pedir sempre **permiso** ao profesor/a se se ten necesidade de **ir ao baño**. Nos **cambios de clase**, agardar a que chegue o profesor/a para pedirlle permiso.
7. Respetar as **reglas de comunicación** (escoitar a quen fala, gardar a quenda de palabra e ter en conta outras opinións).
8. Os **teléfonos móbiles** e **aparatos de música** deben permanecer **apagados**, agás no caso de que o profesor/a o autorice para unha actividade determinada. Os cascos de escoitar música deben estar gardados. Excepcionalmente, as **chamadas urxentes atenderanse na planta baixa**.
9. Coidar e respetar o **material escolar**, así como as **instalacións**.
10. Tratar con **respeto** ao **profesor/a** e aos **compañeiros/as**.

IES A GUÍA

Rúa Dona Fermina nº 1

36207 VIGO

Tel: 886 111 003

ies.guia@edu.xunta.es



**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

I.E.S. A GUÍA

VIGO